



**BNG ARTEIXO**  
UN ARTEIXO PARA VIVIR

---

# PROGRAMA ELECTORAL MUNICIPAIS 2019

---

**#CoasIdeasClaras**  
**#AgoraArteixo**

A decorative graphic in the bottom left corner consists of several overlapping, semi-transparent grey shapes, including a large circle and several triangles, creating a modern, abstract design.



# Agora

Coas  
Ideas  
Claras

# Arteixo

Desde o BNG xa temos pensado e soñado o Arteixo do futuro. Agora temos que planificalo e queremos facelo contigo. Acompañáanos?

Queremos poñer en marcha un novo proxecto de vila: viva, dinámica, solidaria, consciente do seu potencial, orgullosa da súa identidade e coñecedora da súa historia.

Queremos planificar un Arteixo que sexa o motor de desenvolvemento industrial, hortícola e económico. E que isto xere **emprego de calidade!** Arteixo ten un nivel de ingresos municipais moi importante e iso ha de ter un reflexo nunha **maior calidade de vida**, con maiores servizos no social, cultural, deportivo, infraestruturas, mobilidade e novas tecnoloxías.

O noso concello ten que aproveitar a oportunidade de contar cunha **pooboación moza** moi importante. Son elas e eles os que deben ter a oportunidade de liderar o avance municipal. A súa enerxía, preparación e frescura farán deste concello un Arteixo para vivir. Hai que convertelos en protagonistas, algo que, até o de agora, non se fixo.

Todo isto non se pode facer desde a confrontación, senón desde a **capacidade para liderar un proxecto dun Arteixo unido**. No BNG sabemos facelo. Temos experiencias en diversos concellos galegos que están sendo exportadas a outros países do mundo!

Por todo isto, queremos que nos deades unha maior forza no Concello e demostrar que somos quen de converter Arteixo nun concello máis xusto, democrático, igualitario, participativo, integrador e inclusivo. **Un Arteixo onde todas e todos sexamos axentes dinamizadores**, onde as ideas da veciñanza se teñan en conta. Arteixo constrúese desde as parroquias, créase con consensos cos axentes educativos, veciñais, culturais, deportivos, sociais e económicos.

Queremos un **Arteixo para traballar e para gozar**. Queremos que sexa a vila na que queirades quedar, estar e participar. **Queremos un Arteixo para vivir**. E ti? Planifica o seu futuro con nós. Agora Arteixo! Coas Ideas Claras!



Coas ideas  
claras

## IDEA CLARA 1

# UN ARTEIXO PARA TRABALLAR

### EMPREGO E ACTIVIDADE ECONÓMICA

- **Poremos en andamento un Centro de Desenvolvemento e Formación** e faremos que se reconverta o agora Centro de Formación Ocupacional. Haberá un equipo técnico en desenvolvemento local que se verá incrementado con persoal especializado en igualdade e diversidade funcional.
- **Crearemos un viveiro de empresas** no Polígono de Sabón e Morás. O obxectivo é favorecermos as novas iniciativas empresarias con locais a baixo custo e asesoramento.
- **Construiremos unha rede de empresas comprometidas coa inserción laboral** daqueles colectivos máis vulnerábeis e desprotexidos. Esta rede traballará mediante convenios a prol da igualdade de oportunidades.
- **Elaboraremos un plano de emprego cun programa de seguimento da poboación desempregada e con especial atención aos colectivos máis afectados (mocidade, mulleres, paradas e parados de longa duración etc.).**
- **Crearemos un centro de modernización e inclusión tecnolóxica (CeMIT).**

### RURAL E SECTOR AGRARIO

- **Xeraremos un Polígono Agrario** que permitirá pór a producir terreo que hoxe está abandonado e facilitar que as persoas que se dedican a este sector poidan dispor de facilidades para desenvolveren os seus proxectos e actividades.
- **Elaboraremos unha marca de calidade dos nosos produtos da horta arteixá.**
- **Crearemos unha feira trimestral de artesanía e horta de produtos locais** nos sábados durante todo o día que vaia acompañada dunha programación cultural. Nesta liña haberá unha feira anual con ampla difusión.

### TURISMO

- **Potenciaremos o atractivo do noso concello** canto a Patrimonio, Cultura e Ambiente con roteiros que poñan en valor a nosa riqueza, mais sempre velando por unha actividade que a respecte, protexa e preserve.
- **Atraeremos eventos deportivos, culturais e ambientais** para fomentaren a chegada de xente ao noso municipio.
- **Aproveitaremos o patrimonio arquitectónico** en desuso como factor de atracción turística.
- **Utilizaranse as novas tecnoloxías** para a promoción e posta en valor do concello (realidade virtual, aumentada etc.).

## IDEA CLARA 2

# UN ARTEIXO VERDE

### PROTECCIÓN DO AMBIENTE

- Desenvolverase un estudo para a recuperación e rexeneración da costa e dos nosos sistemas dunares.
- Farase unha posta en valor acompañada dunha potenciación, protección e promoción das zonas húmidas do concello e dos regatos fluviais (encoro de Sabón, Ferverza no Moucho, Humidal de Barrañán-Sisalde, encoro de Meicende...).
- Elaborarase un mapa de contaminación do Concello e medidas de actuación para os vindeiros 8 anos (rúidos, especies invasoras...).
- Apostaremos na recuperación e rexeneración da canteira de Barrañán. O espazo poderá dedicarse a infraestruturas culturais e deportivas.
- Pontenciaremos edificios e instalacións municipais sostíbeis.

### XESTIÓN DO LIXO

- Acometerase unha reformulación de modelo no sistema de recollida e tratamento do lixo e residuos.
- Estenderase o sistema de reciclaxe ao rural e fecharase o ciclo tamén cos espazos públicos.
- Traballarase nunha xestión de residuos especiais (grandes produtores, plástico, industriais, etc.).
- Colocarase composteiros comunitarios tanto nos espazos rurais como urbanos que permitan unha redución do lixo, o que facilitará un aforro na factura, producir fertilizantes sen compoñentes químicos, mellorar a saúde da terra e aprimorar o sistema de reciclaxe.
- Crearase unha rede de mestres composteiros e composteiras que ensinarán e vixiarán que se faga correctamente.
- Promoveranse programas participativos de educación ambiental e sensibilización social.

### AXUDAS E AFORRO ENERXÉTICO

- Crearanse liñas de axudas para medidas de aforro enerxético e instalaranse placas solares en edificios e casas de vivenda habitual. Aplicarase unha bonificación de 50% nos impostos municipais para pequenas empresas e persoas autónomas.
- Haberá puntos de recarga para vehículos eléctricos.

## IDEA CLARA 3

# UN ARTEIXO PARA O BENESTAR COMUNITARIO

### SERVIZOS SOCIAIS

- **Reestruturaremos e descentralizaremos** a Concellaría e será dotada de medios humanos e recursos. Traballaremos pola estabilización laboral do persoal.
- Faremos de xestión pública o **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, hoxe de xestión privada.
- Activaremos un **servizo de atención a trámites electrónicos**.

### INTEGRACIÓN E INCLUSIÓN SOCIAL

- Porase en funcionamento un **centro ocupacional para persoas con diversidade funcional**.
- Construiremos un **Arteixo libre de barreiras**, xa sexan físicas, cognitivas ou sensoriais.
- Activaremos unha **liña de axudas para adaptación de vivendas** e vehículos a persoas con diversidade funcional ou dependencia.
- Estudaremos a construción dunha pequena comunidade mixta como proxecto modelo para persoas con deterioración neurodixenrativa e cognitiva.

### ATENCIÓN Á XENTE DE IDADE

- Crearase unha oficina para a xente idosa para lle facilitar axuda nos trámites administrativo e para dar conta das necesidades das persoas de idade. Pensamos que os servizos sociais teñen de servir tamén para manter a xente idosa en contacto coa sociedade en que vive.
- Haberá programa de atención a soidade con medidas efectivas e coordinadas.

### ATENCIÓN Á MOCIDADE

- Habilitaremos un **Programa de Bolsas** para o estudo secundario, universitario e formación profesional. Nestas bolsas tamén poderán entrar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.
- Farase un Programa de prevención de adicións con substancias na poboación adolescente (alcohol, drogas, ludopatías, etc.).
- Apoiaremos de maneira económica e promocional a mocidade que desenvolve actividades artísticas con programas específicos (música, teatro, cinema, pintura, baile, escultura, etc.).

## IDEA CLARA 4

# UN ARTEIXO PARA AS PERSOAS

## MOBILIDADE, TRANSFORMACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESPAZO URBANO E RURAL

- Construiremos un Arteixo recoñecido como **vila amiga da infancia**.
- Crearanse Sendas peonís seguras para escolares.
- **Peonalizaranse máis zonas urbanas**, garantindo que sexan actuacións 100% accesíbeis a calquera tipo de diversidade.
- **Habilitaranse zonas de aparcamento público e gratuito** nas zonas urbanas do Concello.
- **Funcionará unha rede de transporte interparroquial** con paradas en puntos estratéxicos do Concello de Arteixo e coordinados co transporte público doutras rutas.
- **Planificaranse sendas verdes e fluviais nas parroquias que permitan unha boa comunicación entre os núcleos** (recuperación e mantemento de camiños hoxe en estado de abandono que facilitarían a conexión entre os núcleos rurais tanto andando como en bicicleta).
- **Chegaremos a acordos para facilitar actuacións conxuntas** cos concellos da área metropolitana da Coruña e co arco A Laracha - Carballo para unha planificación do transporte que permitan conectar polígonos industriais, centros educativos e Universidade.
- **Faremos unha proposta de planificación e estudo dun metro lixeiro en coordinación co resto de concellos da área urbana.**
- Aprobaremos un programa de rexeneración das zonas industriais para unha axeitada convivencia cos núcleos urbanos Plan Convive 2020-2023 (contorna Meicende, Seixedo, Rañal, Rañobre etc).
- Haberá un mantemento, melloras e estudos de novos carrís bici no Concello.
- **Redixiremos e aprobaremos un PXOM.**
- Construiremos unha **área canina con programas de convivencia e actividades**.
- Levantaremos un **cemiterio municipal** que terá xestión pública.
- Crearemos un **concello intelixente** coa instalación de sensores para as seguintes xestións, entre outras: prazas de aparcamento, transporte público, monitorización do ruído, da auga, dos datos ambientais, praias, etc.

## DEPORTE

- Porase en funcionamento unha **instalación de atletismo** onde se poidan practicar as diversas especialidades.
- Actividades a cuberto:
  - Mellorar a organización diaria de actividades.
  - Facer as reformas necesarias nas instalacións para eventos importantes que hoxe en día é difícil celebrar.
  - Atenderase a facer reformas en instalacións para poder facer actividades deportivas (como por exemplo Freán).
- Actividades ao ar libre:
  - Habilitaremos a zona da Penouqueira e encoro de Sabón para actividades e competicións.
- **Prestaremos atención aos deportes marítimos**, para o cal concibiremos Arteixo como organizador de actividades e eventos neste tipo de deportes. Traballaremos por unha utilización responsable de praias e encoros.
- Crearemos un Padroado Municipal de Deportes. Xestionaremos de maneira pública a piscina da zona norte do Concello e estudaremos as alternativas legais para tratar de rescatar a municipal de Arteixo.

## CULTURA E PATRIMONIO

- **Construirase a Casa da Mocidade, das Artes e da Música**. Este espazo estará autoxestionado en parte polo propio Consello da Mocidade. Nese espazo localizaranse Escola de Música e os locais de ensaio. Os e as artistas locais poderán ter un lugar para desenvolveren a súa actividade, ben como a banda de música, que disporá dun local de ensaio estábel.
- Definiremos unha programación para a Casa da Mocidade, das Artes e da Música: proxección de cinema, curtas, series e contidos dixitais.
- Proxectaranse actividades na rúa cunha programación anual e para todos os espazos urbanos.
- Elaboraremos unha programación anual específica para os centros culturais das parroquias en que as veciñas e veciños e as entidades representativas tiveren voz e voto.
- Crearemos na organización municipal un servizo de Patrimonio, Historia e Memoria.
- Comprometémonos cun proceso de protección, conservación, uso e promoción do patrimonio local. Consideramos o patrimonio oral e inmaterial como unha parte fundamental da nosa historia e, por tanto, traballaremos na súa conservación, divulgación e desfrute.
- Faremos da investigación da historia local un eixo fundamental da nosa acción de goberno e apoiáremola con recursos técnicos e económicos.
- Promocionaranse e potenciaranse as festas xa asentadas, promovendo unha maior participación das entidades asociativas locais, as cales axudarán na programación e organización dos eventos: Feira Histórica, Festival de Sisalde, San Miguel de Pastoiza, etc.

## IDEA CLARA 5

# UN ARTEIXO ABERTO

### TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN

- **Traballaremos para uns medios de comunicación públicos:**
  - Recuperaremos a radio local municipal, adaptada aos novos tempos. Será un medio aberto, colaborativo e participativo.
  - Promocionaranse as redes sociais como medio de comunicación bidireccional e instantáneo co vecindario.
  - Manterase unha páxina web municipal informativa, transparente, viva, interactiva e accesíbel.
- **Modificaremos os horarios dos plenos** para garantir a asistencia do público en xeral.
- Os plenos serán retransmitidos en directo.
- Informaremos, tal e como marca a lexislación vixente, de toda a actividade municipal, de aspectos económicos, orzamentos, contratos, axudas e subvencións, ben como axendas do goberno e da oposición.
- Revisaranse os pregos de contratación para que as empresas que xestionen servizos ou programas municipais teñan de facer

as novas contratacións con criterios de publicidade, igualdade e mérito.

- Incluiranse nos pregos cláusulas de contratación para as pequenas e medianas empresas locais poderen concorrer en igualdade de condicións que as grandes empresas.

### PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- Promocionaremos a participación do tecido asociativo e da cidadanía en xeral; para iso aprobarase un novo regulamento de participación cidadá.
- Construiremos un goberno participativo, cuns orzamentos igualmente participativos. Unha casa do concello aberta en que haxa coñecemento ao día dos asuntos que se tratan e dos acordos en todos os medios dispoñíbeis.
- Realizaranse xuntanzas periódicas nas parroquias para daren conta da xestión municipal e tamén para recollerem suxestións.
- **Crearemos o servizo de Open Data** no Concello que permita acceder a un catálogo de datos que facilite que institucións públicas, investigadores/as, empresas etc. poidan aproveitálos en beneficio do interese común.

## IDEA CLARA 6

# UN ARTEIXO EN IGUALDADE

### VIOLENCIA DE XÉNERO

- **Levantarase unha Casa da Muller**, con espazos multifuncionais para diversas actividades.
- **Crearanse servizos de conciliación en horario non lectivo e en todo o tipo de eventos culturais, deportivos, etc.**
- Ampliaremos o persoal e dos servizos do **Centro de Información á Muller (CIM)** e servizo para atender casos de violencia machista durante as 24 horas.
- **Incrementaremos os recursos económicos** para formación e información en violencia de xénero, acoso sexual e trata de mulleres.
- **Teremos Puntos Violeta** con persoal e rede de voluntariado con formación.

### IGUALDADE E DIVERSIDADE

- Funcionará un **Consello Municipal das Mulleres** como órgano de representación democrático, de natureza consultiva, informativa e asesora.
- Aprobarase unha **ordenanza municipal para a igualdade e a diversidade**.
- **Implementaremos obradoiros de diversidade sexual** no ámbito educativo e asociativo.

# 6

## IDEA CLARA 7

# UN ARTEIXO PLANIFICADO

PLANO DE GOBERNO  
2019-2023

Para dar compromiso ao programa electoral presentaremos un plano de goberno que será consensuado, redixido e aprobado nos primeiros 100 días de mandato. Neste plano definiranse os obxectivos para os vindeiros catro anos e as prioridades de actuación do goberno local. O plano de goberno recollerá as áreas de actuación ou eixos, uns obxectivos e as liñas de actuación e os proxectos estratéxicos.

Acordarase tamén, para facer seguimento do acordado, unha convocatoria anual aberta á todas as veciñas e veciños para dar conta de cada unha das liñas decididas. Trimestralmente irase informando na web, prensa e redes sociais das xestións, trámites e obxectivos conseguidos de cada área de actuación.

- Aprobaremos unha Relación de Postos de Traballo adaptada nas funcións á realidade presente e futura das necesidades municipais, proporcionando estabilidade ao persoal e promovendo negociación dun novo convenio para o persoal laboral.
- Revisaremos as ordenanzas fiscais que recollerán bonificacións para autónomos e autónomas e para a posta en andamento de

novos pequenos negocios. Do mesmo modo, tamén se fará unha revisión da ordenanza do lixo e de abastecemento e saneamento coa finalidade de acabar coa discriminación que sofren os pequenos negocios do concello. Teranse tamén en conta as familias con menores e maiores dependentes ao seu cargo.

- Aplicaremos en todas as ordenanzas fiscais criterios de xustiza social e equidade.



Un Arteixo  
para vivir

## Candidatura Municipais 2019

1. **Xurxo Couto Rodríguez**
2. Raúl Fernández Iglesias
3. Lara Vieites Corredoira
4. Alberto Abeleira García
5. Paula Gutiérrez Álvarez
6. Celia Regueira Varela
7. Carlos López Cotelo
8. Verónica Rozamontes Suárez
9. Eva Vázquez Veira
10. Juan Carlos López Oliveira
11. Silvia Seixas Naia
12. Arantxa López Ares
13. José Ramón Naya Montes
14. Juan José Anido Lista
15. Rosa Gómez Amigo
16. Ramón Vieites Vieites
17. Loly Rega Nión
18. Juan Antonio Sánchez Vázquez
19. Silvia Sánchez López
20. Adrián García Rosato
21. Ana María Calviño Bestilleiro
- S1. Xosé Luis Díaz Carril







@bngarteixo



arteixo.bng.gal